



Concello de Xove

Expediente núm.: 1030/2025

Procedemento: CONVOCATORIA DOS PREMIOS DA XXXVII TIRADA DE BOLOS 2025/2026 DO CONCELLO DE XOVE

Documento asinado por: A Concelleira de Deportes

PROPOSTA DE CONVOCATORIA DOS PREMIOS DA XXXVII TIRADA DE BOLOS

Dando cumprimento á Providencia de Alcadía obrante no expediente e consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS), Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, o RD 887/2006, de 21 de xullo; a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, na que se inclúen as Bases Reguladoras da presente Convocatoria; e o observado no Plan Estratéxico de Subvencións aprobado polo Concello Pleno na súa sesión de 30 de xullo de 2025 (B.O.P. núm. 179 de 6 de agosto de 2025); e, ao obxecto de incentivar a participación cidadá na Tirada de Bolos anual do Concello de Xove, fórmulase a seguinte:

PROPOSTA DE CONVOCATORIA DOS PREMIOS DA XXXVII TIRADA DE BOLOS CONCELLO DE XOVE

PRIMEIRO.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Os premios da XXXVII Tirada de Bolos organizada polo Concello de Xove teñen por obxecto incentivar a participación cidadá nun deporte cunha dilatada tradición no Concello.

SEGUNDO.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Tanto na Liga Sénior Masculina coma na Feminina poderá participar calquera persoa, sen límite de idade.

Na Liga Sub 16, que terá carácter mixto, poderán participar tanto rapaces coma rapazas menores de 16 anos. No caso de cumprir os 16 anos durante o campionato, deberá seguir na Liga Sub 16 ata a finalización do mesmo.

Créase nesta XXXVII edición de xeito independente ao resto de categorías, a Liga de Maiores, na que participarán todas as persoas (homes e mulleres) que teñan cumpridos os 60 anos de idade na data da primeira tirada da liga e que renuncien por tanto a disputar a Liga Sénior Feminina ou Sénior Masculina, segundo corresponda.

Para participar será obrigatorio cubrir o impreso de inscrición, así como presentar DNI para constatar datos. En cada tirada elaborárase, por parte do persoal coordinador, un listado dos participantes na mesma e da puntuación obtida.





Concello de Xove

TERCEIRO.- TIRADAS, NORMAS E CALENDARIO

As normas que regulan a competición serán establecidas con carácter previo ao comezo da mesma e expostas para xeral coñecemento dos participantes.

O calendario para o exercicio de 2025/2026, será o seguinte:

2025

- Sábado 18 de outubro: Centro Social Lago.
- Sábado 25 de outubro: Club Palmeiro en A Rigueira.
- Sábado 1 de novembro: Centro Social Penasagudas en Monte.
- Sábado 8 de novembro: Campo de fútbol municipal de Xove.
- Sábado 15 de novembro: Centro Social O Cruceiro en Xuances.
- Sábado 22 de novembro: Centro Social A Vara en Xuances.
- Sábado 29 de novembro: Centro Social Vilachá en Portocelo.
- Sábado 6 de decembro: Centro Social Morás.
- Sábado 13 de decembro: Centro Social de Sumoas.

2026

- Sábado 10 de xaneiro: Centro Social de Lago.
- Sábado 17 de xaneiro: Club Palmeiro en A Rigueira.
- Sábado 24 de xaneiro: Centro Social Penasagudas en Monte.
- Sábado 31 de xaneiro: Campo de fútbol municipal de Xove.
- Sábado 7 de febreiro: Centro Social O Cruceiro en Xuances.
- Sábado 21 de febreiro: Centro Social de A Vara en Xuances.
- Sábado 28 de febreiro: Centro Social de Vilachá en Portocelo.
- Sábado 7 de marzo Centro Social de Morás.
- Sábado 14 de marzo: Centro Social de Sumoas.

Por razóns organizativas da competición algunha das tiradas-tanto a data como o lugar da celebración da tirada- pode ser modificada co fin de axudar o desenvolvemento deportivo do campionato.

CUARTO.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E PLURIANUALIDADE DO GASTO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 6.550,00 euros € (partida 341.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Os premios serán concedidos parte no presente exercicio, correspondentes ás tiradas de outubro a decembro, por importe de 2.250,00 euros, e parte no exercicio seguinte ao da convocatoria, correspondentes ás tiradas de xaneiro a marzo e premios finais, por importe de 4.300,00 euros.





Concello de Xove

Será polo tanto de aplicación o previsto no artigo 57 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións sobre subvencións plurianuais.

QUINTO.- PREMIOS

Haberá dous tipos de premios: premios por tirada e premios finais.

A) Premios por tirada.

	<u>SENIOR M.</u>	<u>SUB 16</u>	<u>SENIOR F.</u>	<u>MAIORES</u>
1º Premio	25 EUROS	15 EUROS	25 EUROS	25 EUROS
2º Premio	20 EUROS	10 EUROS	20 EUROS	20 EUROS
3º Premio	15 EUROS	5 EUROS	15 EUROS	15 EUROS
4º Premio	10 EUROS			
5º Premio	10 EUROS			
MELLOR BOLADA	5 EUROS	5 EUROS	5 EUROS	5 EUROS

B) Premios finais

	<u>SENIOR M.</u>	<u>SUB 16</u>	<u>SENIOR F.</u>	<u>MAIORES</u>
1º Premio	200 EUROS	100 EUROS	200 EUROS	200 EUROS
2º Premio	150 EUROS	75 EUROS	150 EUROS	150 EUROS
3º Premio	100 EUROS	50 EUROS	100 EUROS	100 EUROS
4º Premio	50 EUROS		50 EUROS	
5º Premio	50 EUROS		50 EUROS	
6º Premio	25 EUROS			
7º Premio	25 EUROS			
8º Premio	25 EUROS			
MELLOR BOLADA	50 EUROS	50 EUROS	50 EUROS	50 EUROS

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Caso de que a contía dos premios concedidos fose inferior ao crédito autorizado, procederase á anulación do saldo autorizado restante debendo facerse constar este extremo no informe-proposta emitido polo órgano xestor.

SEXTO.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Os premios serán entregados ao finalizar cada tirada, en metálico tramitándose polo sistema de pagos a xustificar, debendo ser asinado o pertinente "recibín" polos beneficiarios. Unha vez rematado cada un dos





Concello de Xove

dous periodos que abrangue a concesión dos premios (outubro a decembro e xaneiro a marzo), a Concelleira de Deportes, como órgano xestor do procedemento emitirá informe a xeito de proposta coa relación de gañadores e polo tanto, beneficiarios dos premios, segundo as normas a que se refire o parágrafo terceiro.

Calquera participante, en calquera das categorías da competición poderá de xeito voluntario renunciar ao premio en metálico que lle corresponda, sen que isto lle supoña ningunha variación na súa clasificación deportiva.

SÉTIMO.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

A Concelleira de Deportes,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

